

A Universidade de Santiago de Compostela convoca Concurso Público **Nº 4/2015**, polo procedemento de urxencia, para contratar persoal que especificamente colabore nas actividades e proxectos de investigación que figuran nos anexos a esta Resolución Reitoral, de acordo coas seguintes bases.

1.-OBJECTO

O obxecto da presente convocatoria é contratar persoal para colaborar nas actividades e proxectos de investigación que figuran nos anexos I e II da presente convocatoria.

O persoal contratado colaborará especificamente na actividade ou proxecto de investigación para o que é contratado.

2.-REQUISITOS DOS CANDIDATOS

Para seren admitidos os aspirantes, ademais de cumprir os requisitos específicos esixidos na actividade ou proxecto de investigación para a que realicen a súa solicitude e que figuran nos anexos I e II desta convocatoria, deberán posuír no día de remate de presentación de solicitudes e mantelos ata a data de finalización do contrato, os seguintes requisitos de carácter xeral:

- Ser español ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ao que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o prevea o correspondente tratado, ou dos nacionais dalgún estado ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade que vivan ás súas expensas.
- Os estranxeiros que non estando incluídos no parágrafos anteriores se atopen con residencia legal en España.
- Ter cumpridos os 16 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- Estar en posesión da titulación válida en España que se indique nos anexos I e II da convocatoria.
- Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- Non estar separado, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas nin estar inhabilitado para o desempeño das funcións públicas.

3.-SOLICITUDES

Quen desexe participar neste proceso selectivo deberá solicitalo ao reitor da USC en instancia, segundo o modelo que figura como anexo III desta convocatoria, no prazo de DEZ (10) días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria.

As solicitudes serán presentadas nos Rexistros Xerais da USC, sitos no Colexio San Xerome, Praza do Obradoiro s/n, 15782 Santiago de Compostela, nos Servizos Centrais do Campus de Lugo, Edificio Biblioteca Intercentros, 27002 Lugo, no Rexistro da Oficina de Investigación e Tecnoloxía, edificio Cactus, Campus Vida, 15782, Santiago de Compostela ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Os solicitantes que opten pola presentación da súa solicitude nun rexistro distinto dos da Universidade de Santiago de Compostela deberán enviar, no mesmo día, e unha vez rexistrada, a dita solicitude, ao enderezo cpublicas.personal.investigacion@usc.es

4.-DOCUMENTACIÓN

Os aspirantes, para seren admitidos ao proceso selectivo, acompañaran necesariamente á súa solicitude a seguinte documentación:

- Fotocopia simple da certificación académica na que consten as cualificacións obtidas nos seus estudos
- As certificacións dos estudos realizados no estranxeiro deberán presentarse coas correspondentes traducións oficiais ao español ou galego, que deberá facerse por un tradutor xurado debidamente autorizado en España.
- Fotocopia simple da documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos esixidos no anexo I e II da convocatoria.
- Fotocopia simple da documentación xustificativa dos méritos alegados.

5.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o reitor da USC ditará resolución, declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos e excluídos.

Os aspirantes excluídos, disporán dun prazo de CINCO (5) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da citada resolución, para poder emendar os defectos que motivaron a súa exclusión.

Os aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos.

Contra a exclusión definitiva poderase interponer recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, ante o Reitor, ou ben recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación da mesma, perante o xulgado contencioso-administrativo de Santiago de Compostela.

O feito de figurar na listaxe de admitidos non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos, que terán que acreditarse non seu momento.

6.-PROCESO DE SELECCIÓN

A selección dos candidatos farase salvaguardando os principios constitucionais de igualdade, merito e capacidade.

O investigador propoñente á vista das solicitudes presentadas e dos criterios de baremación publicados deberá presentar á comisión de selección, da que forma parte , un informe razoado no que avaliará e priorizará as solicitudes presentadas.

A Comisión de selección encargada de resolver esta convocatoria estará composta por:

Presidente: Isabel Rodríguez-Moldes Rey , Vicerreitora de Investigación e Innovación.
Secretario: Emilio Santos Vigo, Xefe do Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D
Vogais:

Rogelio Conde-Pumpido Tourón, Director da Área de Xestión e Valorización de I+D Dolores Pérez Meiras, investigadora da USC.

O investigador principal da actividade ou proxecto de investigación propoñente da praza, que figura nos anexos I e II destas bases.

A Comisión de selección constituirase para cada unha das prazas que figuren nos anexos I e II destas bases, formando parte da mesma o investigador proponente da devandita praza.

Os membros da comisión deberán de absterse de intervir, notificándollo ao reitor da Universidade, cando concorran neles circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou se realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación deste proceso selectivo.

Así mesmo os aspirantes poderán recusar aos membros da comisión cando concorran algunha das circunstancias antes citadas.

Logo da convocatoria do presidente, constituirase a comisión, coa asistencia, como minimo, do presidente, secretario e un dos restantes membros. Na dita sesión, a comisión acordará todas as decisións que lle correspondan para o correcto desenvolvemento do proceso .

A partir da súa constitución a comisión, para actuar validamente, requirirá a presenza, como mínimo, do presidente, secretario e un dos restantes membros.

A comisión resolverá todas as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas normas así como o que se deberá facer nos casos non previstos.

A comisión de selección tendo en conta os criterios de baremación publicados e o informe do investigador propoñente valorará os méritos alegados polos aspirantes. Soamente poderán ser considerados aqueles méritos obtidos ata a data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

A comisión, para elaborar a proposta de adxudicación ordeará as solicitudes de maior a menor, correspondendo a proposta de adxudicación ao aspirante con maior puntuación. Dita proposta elevarase ao Reitor da USC, para a súa adxudicación.

A Comisión de selección en caso de evidenciarse a inadecuación dos méritos dos aspirantes ao perfil obxecto da convocatoria poderá declarar motivadamente a non adxudicación do posto convocado.

7.-CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS

As características dos contratos son as establecidas, para cada caso concreto, nos anexos I e II desta convocatoria.

8.-NATUREZA DOS CONTRATOS

A contratación non implica ningún compromiso en canto á posterior incorporación ao cadro de persoal da Universidade de Santiago de Compostela.

9.-RESPONSABILIDADES SUBSIDIARIAS

As persoas contratadas deberán manter a confidencialidade da actividade que realicen, así como gardar sxiilo de todas as cuestións e asuntos inherentes á mesma e das que sexa coñecedor.

10.-CRITERIOS DE BAREMACIÓN

Os criterios de baremación que se terán en conta serán os figuran, para cada praza en concreto, nos anexos I e II desta convocatoria.

11.-NOTIFICACIÓN AOS ASPIRANTES

De acordo co artigo 59.6b) da Lei 30/1992, de 26 de novembro, as publicacións detalladas nestas bases, así como a información doutros actos que dela se deriven que requiran publicación, a efectos de notificación realizaranse no taboleiro de anuncios da Reitoría, única notificación válida, a efectos do artigo antes mencionado.

Así mesmo serán publicadas no taboleiro de anuncios da Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo e no taboleiro de anuncios da Oficina de Investigación e Tecnoloxía .

Contra a presente resolución que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao

da súa publicación de conformidade cos artigos 46 e 10.1º.a) da Lei da Xurisdición contencioso- administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso- administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.


Santiago de Compostela, lunes, 09 de marzo de 2015

Por delegación do Reitor

(Resolución do 19/06/2014, DOG 30/06/2014)

A Vicerreitora de Investigación e Innovación,

Isabel Rodríguez-Moldes Rey



ANEXO I

PROXECTO

Título da actividade:	Papel de los inhibidores del ciclo celular en la biología de las células madre normales y tumorales - Proxectos de Grupos Emerxentes
Referencia da actividade:	2012-PG241
Centro de traballo:	CIMUS
Investigador principal:	Vidal Figueroa, Anxo

Número de prazas:	1
--------------------------	---

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar:	Caracterizar a inestabilidade xenética producida en células epiteliais polo silenciamento dos xenes p107 e p130. Cultivos celulares, Estudos funcionais de migración, proliferación e diferenciación, Manipulación da expresión xénica, Análise de estabilidade xenética
-----------------------------	--

CONDICIONS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual:	1200 €
Previsión da duración do Contrato*	1 meses y 22 días
Data de inicio prevista:	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
Xornada laboral:	Tempo Completo
Categoría:	Investigador/a en formación

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
Titulacións:	Licenciado/a ou Graduado/a en Bioloxía Acreditación da categoría B para experimentación animal (segundo o RD 1201/2005, recoñecida polo RD 53/2013) Estar matriculado nun programa de doutoramento
MERITOS:	Master en Investigación Biomédica, 30 puntos. Participación en congresos, cursos e seminarios relacionados co traballo a realizar, 40 puntos. Coñecemento acreditado de inglés, 10 puntos. Entrevista persoal (aos candidatos que superen os 50 puntos nos apartados anteriores), 20 puntos.

*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da actividade:	Desenvolvemento de nanoestructuras metálicas plasmónicas a partir de estruturas autoensambladas mediante litografía de copolímeros de bloque para a súa aplicación en (bio)detección. (EMERXENTES)
Referencia da actividade:	2013-PG020
Centro de traballo:	Facultade de Física
Investigador principal:	Barbosa Fernández, Silvia

Número de prazas:	1
--------------------------	---

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar:	Desenvolvemento de sensores plasmónicos nanoestructurados para detección LPSR e SERS
-----------------------------	--

CONDICIONS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual:	1200 €
Previsión da duración do Contrato*	7 meses
Data de inicio prevista:	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
Xornada laboral:	Tempo Completo
Categoría:	Investigador/a en formación

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
Titulacións:	Licenciado/a/Graduado/a en Física Estar matriculado nun programa de doutoramento
MERITOS:	Máster en Ciencia e Tecnoloxía de Materiais, 40 puntos. Experiencia previa na formación de películas delgadas poliméricas e híbridas, sínteses de nanopartículas metálicas técnicas de caracterización: microscopía de varrido (SEM), microscopía de transmisión (TEM), microscopía de forza atómica (AFM), espectroscopía UV-VIS, 40 puntos. CV(publicacións en revistas, comunicacións a congresos, cursos e/ou seminarios relacionados coa temática da actividade a desenvolver, idiomas, 20 puntos.

*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da actividade:	Consolidación e estruturación. (GRC) GI-1736 Medicina Xenómica GMX.
Referencia da actividade:	2013-PG085
Centro de traballo:	Facultades de Medicina e Odontoloxía
Investigador principal:	Carracedo Álvarez, Ángel María

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar:	Recibir, clasificar, tramitar e controlar a correspondencia e documentación diversa recibida, Recompilación de información do grupo para o seu posterior visibilización, Preparar, tramitar e controlar a documentación tal como pedidos, etc
-----------------------------	---

CONDICIONS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual:	1125 €
Previsión da duración do Contrato*	6 meses
Data de inicio prevista:	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
Xornada laboral:	Tempo Completo
Categoría:	Axudante administrativo

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
Titulacións:	FPII, Ciclo formativo de Grao Superior na área de Administración, Xestión ou Secretariado
MERITOS:	Experiencia en postos similares, 20 puntos. Nivel medio-alto de paquete de office, internet, uso de ferramentas web (Dropbox Drive, bases de datos...), 20 puntos. Boa comunicación escrita e oral en inglés, 20 puntos. Entrevista persoal, 40 puntos

*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da actividade:	Consolidación e estruturación. GPC GI-2037 GRUPO DE ANALISIS XURÍDICO-ECONÓMICO
Referencia da actividade:	2014-PG043
Centro de traballo:	IDEGA
Investigador principal:	Loureiro García, María Luz

Número de prazas:	1
--------------------------	---

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar:	Recoleita de información para a elaboración de propostas competitivas, Creación de contidos para a páxina web, Creación de listas de usuarios para difusión de eventos
-----------------------------	--

CONDICIONS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual:	1462.50 €
Previsión da duración do Contrato*:	7 meses y 21 días
Data de inicio prevista:	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
Xornada laboral:	Tempo Completo
Categoría:	Técnico/a superior de apoio á investigación

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
Titulacións:	Graduado/a ou Licenciado/a en Cc. Económicas
MERITOS:	Participación en proxectos competitivos e non competitivos, 20 puntos. Experiencia en tarefas de investigación, 30 puntos. Publicacións internacionais en economía ambiental, 30 puntos. Coñecemento lingua inglesa, 10 puntos. Coñecemento software: Stata e Limdep, 10 puntos.

*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da actividade:	Consolidación e estruturación. GPC GI-1595 Catálise Organometálica e Materiais Moleculares Orgánicos
Referencia da actividade:	2014-PG067
Centro de traballo:	CIQUS
Investigador principal:	Guitián Rivera, Enrique

Número de prazas: 2

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar:	Síntese e caracterización de compostos aromáticos funcionais
-----------------------------	--

CONDICIONS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual:	600 €
Previsión da duración do Contrato*:	7 meses
Data de inicio prevista:	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
Xornada laboral:	Tempo Parcial
Categoría:	Técnico/a superior de apoio á investigación

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
Titulacións:	Graduado/a ou Licenciado/a Química
MÉRITOS:	Curriculum Vitae (expediente, publicacións, idiomas), 40 puntos. Experiencia en síntese e caracterización de compostos aromáticos, 30puntos. Entrevista, 30 puntos.

*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da actividade:	Consolidación e estruturación. GPC GI-1641 Novos Medios (Tendencias, Cibermedios, Impresos)
Referencia da actividade:	2014-PG069.00
Centro de traballo:	Facultade de Ciencias da Comunicación
Investigador principal:	López García, Xosé

Número de prazas:	1
--------------------------	---

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar:	Recompilación e análise bibliográfico relacionado co xornalismo fact-checking. Elaboración de textos sobre esa mesma temática.
-----------------------------	--

CONDICIONS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual:	500 €
Previsión da duración do Contrato*:	4 meses
Data de inicio prevista:	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
Xornada laboral:	Tempo Parcial
Categoría:	Investigador/a en formación

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
Titulacións:	Licenciado/a ou Graduado/a en Xornalismo ou Comunicación Audiovisual Estar matriculado nun programa de doutoramento
MERITOS:	Coñecemento e/ou experiencia como Community Manager, 40 puntos. Entrevista persoal, 40 puntos. Coñecemento de idiomas (inglés, francés e alemán), 20 puntos.

*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da actividade:	Consolidación e estruturación. GPC GI-1641 Novos Medios (Tendencias, Cibermedios, Impresos)
Referencia da actividade:	2014-PG069.01
Centro de traballo:	Facultade de Ciencias da Comunicación
Investigador principal:	López García, Xosé

Número de prazas:	1
--------------------------	---

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar:	Recompilación e análise bibliográfico así como relativo a bases de datos de carácter académico. Traballo con redes de investigación académicas.
-----------------------------	---

CONDICIONS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual:	500 €
Previsión da duración do Contrato*:	6 meses
Data de inicio prevista:	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
Xornada laboral:	Tempo Parcial
Categoría:	Investigador/a en formación

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
Titulacións:	Licenciado/a ou Graduado/a en Comunicación Audiovisual Licenciado/a ou Graduado/a en Xornalismo Deberá estar matriculado nun programa de doutoramento
MERITOS:	Expediente académico, cursos de formación en informática e comunicación, 40 puntos Entrevista Persoal, 40 puntos. Coñecemento de idiomas (mínimo nivel europeo B2 ou equivalente), 20 puntos.

*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da actividade:	Consolidación e estruturación. GPC GI-1641 Novos Medios (Tendencias, Cibermedios, Impresos)
Referencia da actividade:	2014-PG069.02
Centro de traballo:	Facultade de Ciencias da Comunicación
Investigador principal:	López García, Xosé

Número de prazas:	1
--------------------------	---

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar:	Recompilación e análise bibliográfico relacionado co 'mobile journalism'. Elaboración de textos sobre esa mesma temática.
-----------------------------	--

CONDICIONS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual:	400 €
Previsión da duración do Contrato*:	4 meses
Data de inicio prevista:	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
Xornada laboral:	Tempo Parcial
Categoría:	Axudante de apoio á investigación

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
Titulacións:	Bacharel
MERITOS:	Expediente académico, Cursos de formación en xornalismo e en informática, 40 puntos Entrevista Persoal, 40 puntos. Coñecemento de idiomas (nivel C1 europeo de inglés requerido), 20 puntos.

*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da actividade:	Consolidación e estruturación. GPC GI-1641 Novos Medios (Tendencias, Cibermedios, Impresos)
Referencia da actividade:	2014-PG069.03
Centro de traballo:	Facultade de Ciencias da Comunicación
Investigador principal:	López García, Xosé

Número de prazas:	1
--------------------------	---

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar:	Deseño de páxinas web., Análise de usabilidade de páxinas web., Creación e mantemento de bases de datos para investigación académica.
-----------------------------	---

CONDICIONS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual:	500 €
Previsión da duración do Contrato*:	7 meses
Data de inicio prevista:	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
Xornada laboral:	Tempo Parcial
Categoría:	Investigador/a en formación

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
Titulacións:	Licenciado/a ou Graduado/a en Comunicación Audiovisual Estar matriculado nun programa de doutoramento
MERITOS:	Cursos de formación en Enxeñería Informática e Comunicación, 40 puntos Entrevista Persoal, 40 puntos. Coñecemento de idiomas (C1 Nivel Europeo / Advanced da University of Cambridge), 20 puntos.

*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da actividade:	Consolidación e estruturación. GPC GI-1641 Novos Medios (Tendencias, Cibermedios, Impresos)
Referencia da actividade:	2014-PG069.04
Centro de traballo:	Ciencias da Comunicación
Investigador principal:	López García, Xosé

Número de prazas:	1
--------------------------	---

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar:	Análise de documentais web e reportaxes multimeda nos principais cibermedios de referencia españois e internacionais
-----------------------------	--

CONDICIONS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual:	500 €
Previsión da duración do Contrato*:	3 meses
Data de inicio prevista:	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
Xornada laboral:	Tempo Parcial
Categoría:	Investigador/a en formación

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
Titulacións:	Licenciado/a ou Graduado/a en Xornalismo Licenciado/a ou Graduado/a en Comunicación Audiovisual Estar matriculado nun programa de doutoramento
MERITOS:	CV (expediente académico, cursos de informática, cursos de comunicación, carta de motivación e experiencia profesional no sector da comunicación), 50 puntos. Idiomas: coñecemento de inglés nivel B1 europeo ou equivalente, 10 puntos. Entrevista persoal, 40 puntos.

*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da actividade:	Consolidación e estruturación. GRC GI-1636 Grupo de Sistemas Intelixentes
Referencia da actividade:	2014-PG093.00
Centro de traballo:	CITIUS
Investigador principal:	Barro Ameneiro, Senén

Número de prazas:	1
--------------------------	---

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar:	Aplicación Android para xestión de pautas terapéuticas con soporte multipaciente
-----------------------------	--

CONDICIONS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual:	1462.50 €
Previsión da duración do Contrato*	5 meses y 17 días
Data de inicio prevista:	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
Xornada laboral:	Tempo Completo
Categoría:	Técnico/a superior de apoio á investigación

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
Titulacións:	Licenciatura ou Grao en Enxeñaría Informática
MERITOS:	Experiencia en desenvolvemento de aplicacións para Android 5.0, 40 puntos. Entrevista persoal, 30 puntos. Expediente académico, 10 puntos. Deseño gráfico, 20 puntos.

*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da actividade:	Consolidación e estruturación. GRC GI-1636 Grupo de Sistemas Intelixentes
Referencia da actividade:	2014-PG093.01
Centro de traballo:	CITIUS
Investigador principal:	Senén Barro Ameneiro

Número de prazas:	1
--------------------------	---

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar:	Desenvolvemento dunha aplicación web para o soporte dos procesos médicos dun servizo de rehabilitación cardíaca
-----------------------------	---

CONDICIONS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual:	1173 €
Previsión da duración do Contrato*	5 meses y 22 días
Data de inicio prevista:	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
Xornada laboral:	Tempo Completo
Categoría:	Axudante de apoio á investigación

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
Titulacións:	Bacharelato, FP II Ciclo Superior en Informática
MERITOS:	Coñecementos sobre desenvolvemento de sistemas informáticos, 50 puntos. Experiencia na programación de aplicacións web, 20 puntos. Experiencia na programación de algoritmos intelixentes, 10 puntos. Entrevista persoal, 20 puntos.

*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da actividade:	Consolidación e estruturación. GRC GI-1622 Grupo de Elementos Traza, Espectroscopía e Especiación
Referencia da actividade:	2014-PG098.00
Centro de traballo:	Facultade de Química
Investigador principal:	Bermejo Barrera, Pilar

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar:	Síntesis de polímeros de impresión molecular para su aplicación a drogas de abuso y análisis por LC-MS/MS
-----------------------------	---

CONDICIONS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual:	625.60 €
Previsión da duración do Contrato*:	6 meses y 1 días
Data de inicio prevista:	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
Xornada laboral:	Tempo Parcial
Categoría:	Investigador/a en formación

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
Titulacións:	Licenciado/a en Química- Graduado/a en Química Estar matriculado nun programa de doutoramento
MERITOS:	Master en Química Avanzada, 10 puntos. Experiencia en síntesis de polímeros de impresión molecular y de quantum dots para drogas de abuso, 35 puntos. Experiencia en espectroscopía de fluorescencia, 15 puntos. Entrevista personal, 40 puntos

*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da actividade:	Consolidación e estruturación. GRC GI-1622 Grupo de Elementos Traza, Espectroscopía e Especiación
Referencia da actividade:	2014-PG098.01
Centro de traballo:	Facultade de Química
Investigador principal:	Bermejo Barrera, Pilar

Número de prazas:	1
--------------------------	---

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar:	Actualización e mantemento da páxina web do grupo, Elaboración da memoria anual, Búsqueda de convocatorias de finazamento, Asistencia na participación e na organización de encontros científicos
-----------------------------	---

CONDICIONS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual:	400 €
Previsión da duración do Contrato*	7 meses y 27 días
Data de inicio prevista:	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
Xornada laboral:	Tempo Parcial
Categoría:	Axudante administrativo

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
Titulacións:	FPPII, Ciclo formativo de Grao superior Rama Administrativa e Comercial
MERITOS:	Formación relacionada coas funcións do posto: manexo de ferramentas informáticas (base de datos de publicación científicas y follas de cálculo).Mantemento de páxinas web., 20 puntos. Experiencia previa acreditada na USC (en xestión de proxectos I+D, de subvención públicas etc), 20 puntos. Coñecementos de inglés, 20 puntos. Entrevista persoal, 40 puntos.

*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da actividade:	Consolidación e estruturación. GRC GI-1213 Grupo de Investigación de Patoloxía na Acuicultura
Referencia da actividade:	2014-PG110
Centro de traballo:	Facultade de Bioloxía
Investigador principal:	Barja Pérez, Juan Luis

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar:	Seguimento da planificación de gastos e ingresos dos diferentes membros, Apoio na elaboración de memorias científico-técnicas do Grupo, Seguimento das campañas promocionais de subministracións de laboratorio, Xestión de ferramentas web
-----------------------------	---

CONDICIONS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual:	1125 €
Previsión da duración do Contrato*	10 meses
Data de inicio prevista:	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
Xornada laboral:	Tempo Completo
Categoría:	Axudante administrativo

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
Titulacións:	FP II Rama Administrativa e Comercial
MERITOS:	Experiencia previa en la USC en tareas administrativas de al menos 5 años, 40 puntos. Experiencia en la empresa privada relacionada con el puesto, 20 puntos. Formación relacionada con las funciones del puesto, 20 puntos. Entrevista personal de las 2 personas que obtengan mas puntuación en los apartados anteriores, 20 puntos.

*A Duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da actividade:	Consolidación e estruturación. REDES GI-1641 XESCOM: REDE INTERNACIONAL DE INVESTIGACIÓN DA XESTIÓN DA COMUNICACIÓN
Referencia da actividade:	2014-PG113.00
Centro de traballo:	Ciencias da Comunicación
Investigador principal:	Campos Freire, Francisco Manuel

Número de prazas:	1
--------------------------	---

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar:	Apoio para identificar, clasificar, avaliar e investigar o uso das redes sociais dixitais nos programas de ficción da televisión, redes científicas e seguimento de publicacións sobre a materia
-----------------------------	--

CONDICIONS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual:	585 €
Previsión da duración do Contrato*:	6 meses y 30 días
Data de inicio prevista:	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
